

A AELG celebra os seus 30 anos

Neste 2010 a AELG cumpre 30 anos e vén de festexalo na Cea das Letras celebrada o 17 de abril en Santiago, na que se entregaron os galardóns que anualmente concede a asociación. Nesta edición resultaron premiados Manuel Bragado polo seu blog literario Brétemas, Xesús Alonso Monteiro en ensaio, Agustín Fernández Paz en literatura infanto-xuvenil, Manuel Rivas no apartado á mellor traxectoria, Cid Cabido en narrativa, Luz Pozo en poesía,



Un dos momentos do acto de entrega dos premios da AELG 2010.

Rubén Ruibal en teatro e Bartug Aykam e María Alonso en tradución. Ademais o arxentino Juan Gelman recibiu a pluma de “Escritor

Galego Universal”, mentres que o premio das institucións foi para o Salón de Libro de Pontevedra. “Hoxe a AELG (con 390 socios) forma

pre a renovarse. Nos actos que organizamos participan anualmente un 60-70% dos asociados, o que evidencia a capacidade de mobiliza-

parte das institucións establecidas do noso país” di o seu presidente Cesáreo Sánchez. E matiza que se existe é “porque existen asociados moi activos. Tén que ser unha asociación de escritores sempre nova e sempre

ción que temos”.

A provincia ourensá ten tamén o seu protagonismo na AELG. “Ourense sempre foi unha terra moi fértil en escritores e malia que a asociación ten a súa sede na Coruña, procuramos, na medida das nosas posibilidades, levar obradoiros de creación literaria e outros actos á todas partes, tamén a Ourense. O que é certo é que moitos dos escritores ourensáns estamos pola costa, pero pola nosa parte procuramos reequilibrar, buscando ter relación co interior”.